



ÁMBITO LINGÜÍSTICO: LETRAS -RADIO





1. IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA: "Aventura en..."	
ETAPA: Educación Primaria	NIVEIS: 3º e 4º de Primaria
ÁMBITO / ÁREAS: Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias Sociais e Ed. Plástica e Visual	PROFESORADO: mestra encargada do ámbito no 2º ciclo
DESCRIPCIÓN DA TAREFA	
Realización de cómics arredor da temática dos medios de transporte utilizados por Phileas Fogg: <i>Aventura en tren, Aventura en barco, Aventura en elefante e Aventura en trineo</i> . "Exposición de cómics": ao remate da tarefa organizarase unha exposición no corredor do 2º Ciclo onde o alumnado poida exhibir os seus cómics.	
XUSTIFICACIÓN	
Traballamos o cómic porque, ademais de ser unha tipoloxía textual que se atopa dentro dos contidos do Ciclo, vainos permitir mellorar a competencia lingüística dos nosos alumnos e alumnas e, ao mesmo tempo, é unha excelente medio para fomentar a creatividade.	
CONTEXTO	
Realizarase dentro do contexto de aprendizaxe das linguas, arredor do eixe vertebrador da PDI deste curso "Aventúrate con Julio Verne".	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Actividade previa: formación de grupos heteroxéneos de 3 ou 4 persoas e asignación de roles.		
1. Escoita activa dun vídeo didáctico adaptado á súa idade sobre o cómic e os seus elementos.	LG - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. (OBX3)	Rexistro de observación
2. Lectura dun cómic identificando os elementos característicos deste tipo de textos: viñetas, globos, cartelas, onomatopeias e liñas de movemento.	LG - CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. (OBX4)	Rúbrica
3. Elaboración de cómics relacionados cos medios de transporte utilizados por Phileas Foff: - Aventura en tren - Aventura en barco - Aventura en elefante - Aventura en trineo	LG - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Rúbrica



	(OBX5)	
4. Despois de crear os seus cómics, presentación do traballo realizado ao resto do grupo, o que contribuirá a fomentar a confianza e as habilidades de comunicación.	LG - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. (OBX3)	Rexistro de observación
5. Realización plástica dos medios de transporte utilizados por Phileas Fogg: tren, barco, elefante e trineo.	EPV - CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. (OBX4)	Rúbrica
Actividade de avaliación: ficha sobre os elementos dun cómic.	Identificación dos elementos dun cómic, diferenciando diferentes tipos de globos.	Resultado cuantitativo da ficha avaliativa
Actividade de reforzo: elaboración dun cómic con acompañamento e redución de complexidade cando sexa necesario.	LG - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. (OBX5)	Rúbrica
Actividade de ampliación. A partir dun vídeo sobre grandes inventos que cambiaron a historia (máquina de vapor) responde ás seguintes preguntas:	CS - CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información,	Rúbrica

<ul style="list-style-type: none"> - Quen a inventou? - Cando se inventou? - Para que serve? - Que medios de transporte utilizados por Phileas Foog funcionan cunha máquina de vapor? 	comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. (OBX1)	
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
Comprensión oral, escrita e audiovisual - Expresión oral e escrita - Elementos dun cómic: viñetas, globos, cartelas, onomatopeas e liñas de movemento - Habilidades plásticas – Creatividade – Máquina de vapor - Traballo en equipo - Toma de decisións - Respecto polas opinións diferentes		

1. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADE	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Actividade previa: formación de equipos e asignación de roles.	Biblioteca	Inicialmente en gran grupo e despois en pequeno grupo (entre 3 e 4 membros)	- Folios e útiles de escritura	20 minutos
1. Escoita activa dun vídeo sobre o cómic e os seus elementos.	Biblioteca	Gran grupo	- Pantalla dixital: vídeo didáctico sobre o cómic e os seus elementos	20 minutos
2. Identificar os elementos dun cómic, diferenciando entre	Biblioteca	Gran grupo	- Pantalla dixital: cómic adaptado á súa idade	20 minutos



varios tipos de globos.				
3. Elaborar un cómic relacionado con algún dos medios de transporte utilizados por Phileas Fogg; tren, barco, elefante ou trineo.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Modelo, lapis e goma para facer o borrador do cómic - Modelo, bolígrafo e ceras para pasar a limpo o cómic unha vez corrixido	30 minutos
4. Posta en común das postais escritas e selección da que máis nos gusta para a súa posterior	Biblioteca	Gran grupo	- Cómic elaborados polos diferentes grupos	30 minutos
5. Realización plástica dos medios de transporte utilizados por Phileas Fogg.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Materiais plásticos variados para a confección das manualidades (cartolinas e folios de cores, ceras e rotuladores, tesoiras e pegamento...	30 minutos
Actividade de avaliación: realización dunha ficha sobre os elementos dun cómic.	Biblioteca	Individual	- Ficha, lapis e goma	30 minutos



<p>Actividade de reforzo: elaboración dun cómic con acompañamento e redución de complexidade cando sexa necesario.</p>	<p>Biblioteca</p>	<p>Pequeno grupo</p>	<p>- Modelo, lapis e goma</p>	<p>Actividade a realizar polo alumnado con diversidade curricular.</p>
<p>Actividade de ampliación: busca de información sobre a máquina de vapor.</p>	<p>Biblioteca</p>	<p>Pequeno grupo</p>	<p>- Catro ordenadores portátiles pequenos - Folios e materiais de escritura</p>	<p>Actividade a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo.</p>

2. AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ensinanza- aprendizaxe)	<ul style="list-style-type: none"> - ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica) - REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA 	<p>Como? mediante a observación directa e sistemática.</p> <p>Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.</p> <p>Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 1º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN 	<p>Como? Cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.</p> <p>Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.</p>



RÚBRICA						
ITEMS	4	3	2	1	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	LG - CA3.4.
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	LG - CA3.4. EPV - CA2.4
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG - CA3.7. EPV - CA2.4.
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéen nas quendas doutras persoas.	LG - CA2.5. LG - CA3.4.



ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	LG - CA3.7. EPV - CA2.4.
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	LG - CA3.4.
	G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultade cun oral.	LG - CA2.5.
	H. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherentes, axeitados comunicativamente e planificados.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherentes e axeitados comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultade cun oral.	LG - CA3.7.



DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXO

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZPD) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos utilizados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do Centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		